

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios colectivos

*MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA*

Convenio o Acordo:
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- Expediente: 36/13/0089/2018
- Data: 04/06/2018
- Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN
- Código de Convenio número 36010002132001.

Visto o Pacto da mesa xeral de negociación do persoal funcionario do Concello de Vilagarcía de Arousa, sobre a modificación parcial do vixente acordo marco regulador, subscrito en representación da parte económica, por unha representación do concello, e da parte social polos representantes das centrais sindicais CSIF, CC.OO., UGT e CIG, en data 02 de febreiro do 2018, e ratificado polo Pleno do Concello o 23 de marzo do 2018.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 23 de maio do 2018.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,



Martes, 19 de xuño de 2018

Núm. 117

A C O R D A

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial
Ignacio Rial Santomé

**PACTO DE MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO
SOBRE MODIFICACIÓN PARCIAL DO VIXENTE ACORDO MARCO REGULADOR**

En Vilagarcía de Arousa a 2 de febreiro de 2018

Constituída a Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario do Concello de Vilagarcía de Arousa. Ambas partes tendo en conta as negociacións levadas ao efecto nas xuntanzas dos pasados días 19/12/2017, 18/1/2018 e 2/2/2018.

Reunidos en data 02/3/2018 dunha parte Dna. Sonia Outón Casal, Concelleira Delegada de Persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa, e por outra os representantes sindicais na Mesa de Negociación do persoal funcionario do referido Concello de Vilagarcía de Arousa.

Conforme ás atribucións a eles conferidos respectivamente pola Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régime Local, e o Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para subscribir o presente Pacto, sen prexuízo da necesaria ratificación dos órganos competentes para súa validez e efectos, en especial do Pleno do Concello conforme ao disposto no artigo 38 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

ACORDO:

A representación sindical que abaixo asinan manifestan seu acordo coa modificación parcial do Acordo Marco regulador vixente respecto do artigo 47 que queda redactado do seguinte modo:



“Artigo 47 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS

Todo o persoal funcionario de carreira do Concello ou funcionario interino por un tempo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educación Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo

Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar:	percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade:	percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.

Estas axudas para estudos serán de aplicación ao curso 2018-2019.”

A concelleira delegada de Persoal

UGT

CCOO

CSIF

CIG

